



## **I CONCURSO FOTOGRÁFICO: “12 MESES EN SADA”**

O Concello de Sada, a través da **Concellería de Participación Cidadá**, convoca ás persoas afeccionadas á fotografía para que realicen instantáneas de Sada que **serán incluídas no calendario que distribue o concello** (12 fotos en total) que se edita todos os anos no mes de decembro.

Aquelas persoas que queiran participar deberán presentar un máximo de 3 fotografías sobre Sada en temática libre. En caso de que saían nas imaxes persoas da rúa, estas aparecerán de forma que non se lles recoñeza a identidade, de espaldas ou coa cara non visible.

As características técnicas das fotografías serán as seguintes:

- Formato JPG cunha resolución axeitada á impresión posterior dos calendarios
- Peso máximo dos arquivos de imaxe presentados: 10 MB (polas 3 en total)
- Formato horizontal e adaptable ao tamaño 10x12 cm

Estas **fotografías enviaranse até o 19 de novembro ás 12.00h** a través dun formulario que estará colgado na web municipal [www.sada.gal](http://www.sada.gal). As fotografías presentadas colgaranse posteriormente para difusión pública e **votación popular** no apartado do Portal de Participación Cidadá **até o 26 de novembro ás 13.00h**.

### **INFORMACIÓN IMPORTANTE SE NON TES UNHA CONTA DE GMAIL**

Para subir arquivos a DRIVE a través deste formulario é necesario entrar cunha conta de gmail.

Se non é o caso, podes facer a túa inscrición enviando os mesmos datos a [omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com)

DATOS QUE DEBES APORTAR:

- Nome e apelidos, idade, teléfono, concello de empadramento,seudónimo ou nome que queres que apareza públicamente como autor/a e aceptación da cesión de dereitos.

#### **Quen pode participar?**

Calquera persoa que o desexe

#### **Como se participa?**

Para participar deberán facer unha inscrición no formulario habilitado na web municipal **I CONCURSO: “12 MESES EN SADA”**



### Quen escolle as fotografías gañadoras?

As propostas presentadas a través do formulario colgaranse no Portal de Participación Cidadá do Concello de Sada ([participa.sada.gal](http://participa.sada.gal)).

Serán escollidas por votación popular.

Para facelo contabilizaranse o número de “votacións” que reciba cada unha delas.

### Cal é o premio?

As 12 fotografías gañadoras estarán incluídas no calendario municipal que se edita todos os anos coa chegada do Nadal. Cada unha delas terá identificado o nome do autor/a ou seudónimo se fose o caso.

### Cesión de dereitos

Para participar neste concurso será obrigatorio autorizar no formulario o apartado relativo á cesión de dereitos e que fan referencia aos seguintes conceptos:

- Cesión de dereitos por parte da persoa concursante para o uso das súas fotografías recibidas no marco deste **I CONCURSO: 12 MESES EN SADA**. Isto implica que o Concello de Sada terá o dereito de reprodución e exhibición de fotografías, sen límite de tempo ou lugar, en calquera medio de publicación físico ou dixital, sempre facendo mención ao autor/a. Esta cesión tamén se estende á empresa de artes gráficas que realice o servizo de maquetación, edición e impresión dos calendarios.

### Aceptación da política de privacidade sobre datos persoais

Toda persoa participante deberá marcar no formulario de inscrición o apartado relativo á política de privacidade onde se indica que:

*De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGDD), infórmase que os datos de carácter persoal facilitados, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento da área / departamento á cal vaia dirixida a presente solicitude. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de Protección de Datos. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 a) o interesado deu o seu consentimento para o tratamento dos seus datos persoais para un ou varios fins específicos, e/ou o art.6.1 e) do RXPD: "en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos" conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo.*

*As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser*



*obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Sada con dirección en Avda. da Mariña 25, 15160 Sada (A Coruña). Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo [dpd@sada.gal](mailto:dpd@sada.gal) ou consultando a Política de privacidade na páxina web do Concello <https://www.sada.gal/politica-de-privacidade>*